



ACSUC
AXENCIA para a CALIDADE do
SISTEMA UNIVERSITARIO de
GALICIA

PUBLICACIÓN:

“Estudo da inserción laboral dos titulados no
Sistema Universitario de Galicia
2009-2010”

Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)
 Rúa Lamas de Abade, s/n
 CIFP Compostela 5ª planta
 15702 Santiago de Compostela
 Teléfono: 981 534 173 – Fax: 981 534 174
 E-mail: insercion.laboral@acsug.es
 Páxina web: www.acsug.es

Este documento é propiedade da ACSUG. Está permitida a reprodución total ou parcial do documento sempre que se cite o título do mesmo e á ACSUG como editora.



ACSUG é membro de pleno dereito de ENQA



ACSUG está rexistrada no EQAR



ACSUG é membro de ECA



A ACSUG ten implantado un Sistema de Xestión da Calidade e do Medio Ambiente certificado por AENOR nas Normas ISO 9001:2008 e ISO 14001:2004. O Sistema de Xestión Medioambiental está verificado positivamente segundo o Regulamento Comunitario de Ecoxestión e Ecoauditoría (EMAS).

1. Introducción

Unha das labores fundamentais das universidades é preparar de forma axeitada aos titulados universitarios para o acceso ao mercado laboral, un mercado competitivo, sin fronteiras e en constante cambio. A responsabilidade das universidades na empregabilidade pon de manifesto a necesidade de coñecer cómo, cándo e en qué condicións se produce ese acceso ao mercado laboral, demandando polo tanto información sobre os titulados unha vez abandonan o mundo universitario e xustificando a necesidade da realización dos estudos de inserción laboral.

No ano 2001, a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) comezou un proxecto xeral de seguimento da integración no mercado laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia (SUG), que se traduciu na primeira publicación desta temática titulada: “Proxecto de inserción laboral dos titulados polo Sistema Universitario de Galicia 1996-2001”.

Inicialmente comezouse o proxecto de seguimento dos titulados universitarios realizando o estudo sobre os egresados nos cursos académicos 1996-1997 e 2000-2001 (ACSUG 2004). Posteriormente realizaríase sobre os titulados correspondentes aos periodos bianuais 2001-2003 (ACSUG 2006) e 2003-2005 (ACSUG 2008), para finalmente consolidarse a periodicidade anual desde o ano 2008 co “Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2005-2006” (ACSUG 2009), ata a actualidade, coa presente publicación **“Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2009-2010”**.

A finalidade destes estudos é servir de apoio ás institucións universitarias, aportando resultados que, pola súa natureza, contribúen ao deseño de estratexias para a revisión e mellora da calidade da oferta universitaria, minimizando as distancias entre os obxectivos de aprendizaxe e os requerimentos profesionais e de empregabilidade. Ademais de proporcionar información de referencia aos distintos grupos de interese: futuros e actuais estudantes, empregadores e sociedade en xeral.

A presente publicación **“Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2009-2010”** constitúe a octava publicación realizada pola ACSUG dos resultados acadados sobre a inserción laboral dos titulados no SUG.

Coincidiendo cos anteriores estudos realizados pola ACSUG sobre esta temática, o obxectivo principal destes estudos é proporcionar información sobre a situación laboral dos titulados universitarios e a satisfacción dos titulados no seu paso pola universidade, aproximadamente aos dous anos de ter rematada a titulación.

O presente informe estrutúrase de xeito análogo ás anteriores publicacións. Unha das primeiras contextualizacións do estudo realízase na primeira sección do informe onde se presentan os obxectivos específicos agrupados en tres grupos e desglosados para cada un deles. Tal e como se indica nos mesmos, permitennos obter información da percepción dos titulados sobre a formación e a universidade, as características do proceso de procura de emprego, a situación do mercado de traballo dos titulados no SUG e as súas condicións laborais.

Na segunda sección do estudo realízase unha comparativa con estudos anteriores, desde o EIL0103 "Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2001-2003" ata o presente estudo EIL0910 "Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2009-2010". A consolidación da periodicidade anual destes estudos ao longo dos anos garantiza a obtención de históricos de resultados permitindo a análise da evolución no tempo de factores tales como a porcentaxe de titulados que traballan, preparan oposicións e/ou estudan, titulados que buscaron emprego relacionado coa súa titulación, tipoloxía dos contratos, tempo en atopar o primeiro emprego relacionado coa titulación, número de contratos e empresas, salario medio mensual ou a formación realizada, entre outros aspectos.

Posteriormente, na terceira sección do estudo preséntanse os resultados acadados no EIL0910. A poboación obxecto de estudo está constituída polos titulados e tituladas universitarios en diplomaturas, licenciaturas, enxeñarías técnicas, enxeñarías, arquitectura e arquitectura técnica, incrementándose o número de graduados neste último estudo como consecuencia do proceso de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). Nesta ocasión analízase a inserción laboral de 5 004 titulados universitarios dunha poboación de 8 922, cifra que representa unha porcentaxe do 56,08% e cun erro de mostraxe do 0,91% do total do SUG.

Finalmente conclúese cos anexos onde se pode consultar a ficha técnica do estudo, o cuestionario empregado na enquisa, a distribución das titulacións por rama de coñecemento e subramas para as cales se presentan os resultados e as referencias e bibliografía complementaria.

2. Datos técnicos do estudo

Estos estudos realízanse transcurridos aproximadamente dous anos desde que os titulados no SUG obtiveron a súa titulación, polo que a poboación obxecto de estudo está constituída por titulados recentes do SUG.

Poboación: titulados no SUG no curso académico 2008-2009.

UNIVERSIDADE	POBOACIÓN 2009-2010	MOSTRA 2009-2010
A Coruña	2 797	1 578
Santiago de Compostela	3 481	1 818
Vigo	2 644	1 608
Total	8 922	5 004

Táboa 1: Titulados do SUG no curso académico 2009-2010. Tamaño de poboación e mostra.

Poboación: 8 922 individuos.

Mostra: 5 004 individuos.

Mostraxe: estratificado, por titulación-campus

Erro máximo absoluto: 10%, en cada estrato

Traballo de campo: enquisa telefónica asistida por ordenador, realizada en decembro de 2012

3. Resumo de resultados

3.1. Traballa

Traballa	2005-2006	2006-2007	2007-2008	2008-2009	2009-2010
Si	63,60%	62,75%	58,12%	55,80%	55,37%
Si, pero non relacionado	7,47%	3,37%	3,81%	3,50%	2,95%
Non	28,93%	33,89%	38,07%	40,71%	41,68%

Táboa 2: Porcentaxe de titulados que traballan (no momento de realizar a enquisa). Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.

3.2. Estuda, traballa, prepara oposicións

Rama de coñecemento	% Traballa	% Estuda	% Oposita
Ciencias da Saúde	72,65%	16,61%	22,30%
Ciencias	45,92%	31,26%	10,66%
Enxeñaría e Arquitectura	65,82%	27,18%	1,96%
Ciencias Sociais e Xurídicas I	58,38%	18,11%	6,75%
Ciencias Sociais e Xurídicas II	48,35%	13,64%	19,26%
Ciencias Sociais e Xurídicas III	52,78%	24,38%	22,31%
Ciencias Sociais e Xurídicas IV	50,95%	16,13%	4,27%
Artes e Humanidades I	42,73%	17,27%	12,23%
Artes e Humanidades II	55,51%	31,36%	14,74%
SUG	58,32%	22,11%	13,36%

Táboa 3: Porcentaxe de titulados que traballan, estudan e/ou opositan (no momento de realizar a enquisa). Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

- Un **58,30%** dos titulados no SUG están **traballando**, dos cales tan só un 2,95% manifesta facelo nun sector non relacionado co seu título. A porcentaxe máis elevada de titulados traballando atópase nas ramas de coñecemento de Ciencias da Saúde (72,65%) e Enxeñaría e Arquitectura (65,82%).
- **Continúan estudos** (outras titulacións, posgraos, terceiro ciclo) o **22,11%** dos titulados. Entre as ramas de coñecemento nas que máis titulados hai continuando estudos temos Artes e Humanidades II (31,36%) e Ciencias (31,26%).
- **O 13,36% preparan oposicións**. As porcentaxes máis altas atopámonas nas ramas de coñecemento de Ciencias Sociais e Xurídicas III (22,31%) e Ciencias da Saúde (22,30%). No caso de Enxeñaría e Arquitectura, esta porcentaxe queda tan só nun 1,96%.

3.3. Tempo ata conseguir o primeiro emprego

Tempo en atopar emprego	2005-2006	2006-2007	2007-2008	2008-2009	2009-2010
Menos de 1 mes	1,7%	26,6%	23,2%	19,4%	21,9%
Entre 1 e 3 meses	54,7%	34,8%	34,1%	30,5%	22,1%
Entre 3 e 6 meses	15,9%	16,2%	15,6%	14,9%	14,9%
Entre 6 e 12 meses	17,5%	14,5%	18,1%	21,0%	21,6%
Máis de 12 meses	10,2%	7,9%	9,0%	14,1%	19,5%

Táboa 4: Distribución dos titulados segundo o tempo que tardan en atopar emprego despois de obteren o título. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.

- O **44,01%** dos titulados tarda **tres meses ou menos** en atopar o seu primeiro emprego.
- O tempo medio que tarda un titulado en atopar un emprego é de **8,06 meses**. Os titulados que máis rápido atopan o seu primeiro emprego son os de Enxeñaría e Arquitectura (5,63 meses), seguidos dos titulados de Ciencias da Saúde (6,17 meses).

Rama de coñecemento	Tempo medio en atopar o primeiro emprego (en meses)
Ciencias da Saúde	6,17
Ciencias	9,43
Enxeñaría e Arquitectura	5,63
Ciencias Sociais e Xurídicas I	8,39
Ciencias Sociais e Xurídicas II	8,46
Ciencias Sociais e Xurídicas III	9,94
Ciencias Sociais e Xurídicas IV	7,08
Artes e Humanidades I	13,12
Artes e Humanidades II	10,99
SUG	8,06

Táboa 5: Tempo medio, en meses, que tardaron en atopar emprego. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

3.4. Salario

Salario mensual (en €)	2005-2006	2006-2007	2007-2008	2008-2009	2009-2010
Menos de 500 €	5,81%	5,62%	5,19%	8,26%	12,16%
Entre 500 e 1.000 €	31,10%	31,87%	32,19%	34,13%	36,06%
Entre 1.000 e 1.500 €	41,21%	40,63%	40,25%	38,67%	36,25%
Entre 1.500 e 2.000 €	18,25%	17,73%	18,25%	14,68%	12,05%
Máis de 2.000 €	3,64%	4,14%	4,12%	4,27%	3,49%

Táboa 6: Distribución dos titulados segundo o salario mensual medio. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.

- O 51,79% dos titulados do SUG ten un salario superior aos 1.000 euros mensuais.
- O salario medio dun titulado é de **1.067,58 euros** mensuais, e para **as mulleres** é de **1.026,83 euros** mensuais e para **os homes** é de **1.141,44 euros** mensuais.

Rama de coñecemento	Salario medio Mulleres	Salario medio Homes	Salario medio
Ciencias da Saúde	1.163,72€	1.258,96€	1.173,96€
Ciencias	1.035,80€	1.260,86€	1.089,88€
Enxeñaría e Arquitectura	1.180,77€	1.288,15€	1.245,54€
Ciencias Sociais e Xurídicas I	941,86€	1.103,98€	1.009,56€
Ciencias Sociais e Xurídicas II	976,76€	1.143,93€	1.018,63
Ciencias Sociais e Xurídicas III	938,36€	939,21€	949,34€
Ciencias Sociais e Xurídicas IV	881,36€	1.082,75€	926,51€
Artes e Humanidades I	757,14€	1.184,53€	855,09€
Artes e Humanidades II	914,20€	1.011,18€	945,96€
SUG	1.026,83€	1.141,44€	1.067,58€

Táboa 7: Salario medio mensual. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG por sexo.

3.5. Vía propiciatoria do primeiro emprego

- As tres vías que concentran o 53,11% á hora de propiciar o primeiro emprego dos titulados no SUG son: **a través de contactos persoais, familiares ou amizades, candidatura espontánea** (envío de CV sen existir oferta) e a través de **internet**.

Vía propiciatoria do primeiro emprego	2005-2006	2006-2007	2007-2008	2008-2009	2009-2010
A través de contactos persoais, familiares ou amizades	19,72%	16,95%	21,60%	22,75%	21,61%
Candidatura espontánea (Envío de CV sen existir oferta)	18,83%	16,73%	14,59%	15,58%	19,98%
Internet	14,38%	16,97%	19,13%	13,27%	11,52%
Prolongación de prácticas	7,26%	10,80%	0,38%	6,08%	8,40%
Presentación a oposición/concurso público	6,80%	5,81%	3,92%	5,86%	5,58%
Outras vías	33,01%	32,74%	40,38%	36,46%	22,57%

Táboa 8: Vía propiciatoria do primeiro emprego. Escala de valoración de 1: Nada ata 5: Moito.

3.6. Factores valorados na contratación

- Os titulados no SUG destacan como factores relevantes na obtención dun emprego: a actitude durante a entrevista, a experiencia laboral relacionada, aproveitar as oportunidades e *ter mobilidade xeográfica*.

Factores valorados na contratación	2005-2006	2006-2007	2007-2008	2008-2009	2009-2010
Actitude durante a entrevista	4,19	4,30	4,27	4,25	4,37
Experiencia laboral relacionada	4,25	4,28	4,41	4,18	4,32
Ter mobilidade xeográfica	4,25	4,28	4,29	4,23	4,27
Aproveitar as oportunidades	4,16	4,17	4,50	4,24	4,27

Táboa 9: Factores valorados na contratación. Escala de valoración de 1: Nada ata 5: Moito.

3.7. Competencias, coñecementos e aptitudes

- Os titulados no SUG consideran as seguintes competencias, coñecementos e aptitudes como máis valoradas: a capacidade para a aprendizaxe, a motivación, a capacidade para resolver problemas, a capacidade de comunicación oral/escrita e a capacidade de asumir responsabilidades.

Competencias, coñecementos e aptitudes	2005-2006	2006-2007	2007-2008	2008-2009	2009-2010
Capacidade para a aprendizaxe	4,48	4,53	4,55	4,49	4,59
Motivación	4,50	4,51	4,51	4,45	4,57
Capacidade para resolver problemas	4,45	4,45	4,47	4,47	4,56
Capacidade de comunicación oral/escrita	4,41	4,42	4,43	4,40	4,48
Capacidade de asumir responsabilidades	4,39	4,38	4,41	4,36	4,48

Táboa 10: Competencias máis valoradas. Escala de valoración de 1: Nada ata 5: Moito

3.8. Satisfacción co itinerario académico

Volvería a.....	2005-2006	2006-2007	2007-2008	2008-2009	2009-2010
cursar estudos universitarios	86,03%	88,50%	90,67%	84,98%	87,76%
cursar a mesma titulación	80,71%	81,02%	81,55%	77,13%	79,91%
cursar a mesma titulación na mesma universidade	87,83%	89,74%	87,07%	87,37%	87,50%

Táboa 11: Repetición do itinerario académico. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.

- O **87,76%** dos titulados **volvería cursar estudos universitarios**. Deles, o **79,91%** **volvería elixir a mesma titulación**, e **repetiría na mesma universidade** o **87,50%**.

ANEXO:

Distribución por ramas de coñecemento

Ciencias da Saúde: Diplomatura en Enfermaría, *Grao en Enfermaría*, Diplomatura en Fisioterapia, Diplomatura en Logopedia, Diplomatura en Podoloxía, Diplomatura en Terapia Ocupacional, *Grao en Terapia Ocupacional*, Licenciatura en Farmacia, Licenciatura en Medicina, Licenciatura en Odontoloxía, Licenciatura en Veterinaria

Ciencias: Diplomatura en Óptica e Optometría, Licenciatura en Bioloxía, Licenciatura en Ciencias do Mar, Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Licenciatura en Física, Licenciatura en Matemáticas, Licenciatura en Química

Enxeñaría e Arquitectura: Arquitectura Técnica en Execución de Obras, Arquitectura, Diplomatura en Máquinas Navais, Diplomatura en Navegación Marítima, Licenciatura en Máquinas Navais, Licenciatura en Náutica e Transporte Marítimo, Licenciatura en Mariña Civil, Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas, Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión, Enxeñaría Informática, Enxeñaría Técnica Industrial, esp. en Electricidade, Enxeñaría Técnica Industrial, esp. en Electrónica Industrial, Enxeñaría Técnica Industrial, esp. en Mecánica, Enxeñaría Técnica Industrial, esp. en Química Industrial, Enxeñaría Técnica en Deseño Industrial, *Enxeñaría Organización Industrial*, *Enxeñaría Automática e Electrónica Industrial*, Enxeñaría Industrial, Enxeñaría Técnica Naval, esp. en Estruturas Mariñas, Enxeñaría Técnica Naval, esp. en Propulsión e Servizos do Buque, Enxeñaría Naval e Oceánica, Enxeñaría Técnica Telecomunicación, esp. Sistemas de Telecomunicación, Enxeñaría Técnica Telecomunicación, esp. Son e Imaxen, Enxeñaría de Telecomunicacións, Enxeñaría Técnica Agrícola, esp. en Hortofruticultura e Xardinaría, Enxeñaría Técnica Agrícola, esp. en Explotacións Agropecuarias, Enxeñaría Técnica Agrícola, esp. en Industrias Agrarias e Alimentarias, Enxeñaría Técnica Agrícola, esp. en Mecanización e Construcións Rurais, Enxeñaría Agrónoma, Enxeñaría Técnica Forestal, esp. en Industrias Forestais, Enxeñaría Técnica Forestal, esp. en Explotacións Forestais, Enxeñaría de Montes, Enxeñaría Técnica de Obras Públicas, esp. en Construcións Cívicas, Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos, Enxeñaría Técnica de Obras Públicas, esp. en Transportes e Servizos Urbanos, Enxeñaría Técnica en Topografía, Enxeñaría Química, Enxeñaría de Minas, *Grao en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto*, *Grao en Enxeñaría de Edificación*, *Grao en Enxeñaría Informática*

Ciencias Sociais e Xurídicas:

Ciencias Sociais e Xurídicas I: Diplomatura en Ciencias Empresariais, Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas, Licenciatura en Economía, *Grao en Administración e Dirección de Empresas*, *Grao en Economía*

Ciencias Sociais e Xurídicas II: Diplomatura en Relacións Laborais, Licenciatura en Ciencias Políticas e da Administración, Licenciatura en Dereito

Ciencias Sociais e Xurídicas III: Diplomatura en Educación Social, Diplomatura en Traballo Social, Mestre, esp. Educación Infantil, Mestre, esp. Educación Primaria, Mestre, esp. Educación Física, Mestre, esp. Audición e Linguaxe, Mestre, esp. Educación Especial, Mestre, esp. Lingua Estranxeira, Mestre, esp. Educación Musical, Licenciatura en

Socioloxía, Licenciatura en Psicoloxía, Licenciatura en Pedagogía, Licenciatura en Psicopedagogía (2º ciclo), Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e o Deporte, *Grao en Ciencias da Actividade Física e o Deporte, Grao en Educación Social*

Ciencias Sociais e Xurídicas IV: Diplomatura en Turismo, Diplomatura en Xestión e Administración Pública, Licenciatura en Comunicación Audiovisual, Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas, Licenciatura en Xornalismo, *Grao en Dirección e Xestión Pública, Grao en Turismo*

Artes e Humanidades:

Artes e Humanidades I: Diplomatura en Biblioteconomía e Documentación, Licenciatura en Belas Artes, Licenciatura en Documentación, Licenciatura en Filosofía, Licenciatura en Historia, Licenciatura en Historia da Arte, Licenciatura en Humanidades, Licenciatura en Xeografía, *Grao en Belas Artes*

Artes e Humanidades II: Licenciatura en Filoloxía Inglesa, Licenciatura en Filoloxía Alemá, Licenciatura en Filoloxía Clásica, Licenciatura en Filoloxía Francesa, Licenciatura en Filoloxía Galega, Licenciatura en Filoloxía Hispánica, Licenciatura en Filoloxía Inglesa, Licenciatura en Filoloxía Italiana, Licenciatura en Filoloxía Portuguesa, Licenciatura en Filoloxía Románica, Licenciatura en Tradución e Interpretación

Publicacións realizadas dos estudos de inserción laboral dos titulados no SUG:

- **Proxecto de inserción laboral dos titulados polo Sistema Universitario de Galicia 1996-2001** (ACSUG 2004)
- **Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2001-2003** (ACSUG 2006)
- **Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2003-2005** (ACSUG 2008)
- **Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2005-2006** (ACSUG 2009)
- **Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2006-2007** (ACSUG 2010)
- **Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2007-2008** (ACSUG 2011)
- **Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2008-2009** (ACSUG 2013)
- **Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2009-2010** (ACSUG 2014)